



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 51)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **oito de novembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA SEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de novembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS SOLICITANDO PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos que se indican, no que solicitan prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.



Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2019. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude motivada do Concello.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

As Alcaldías dos concellos que se indican solicitan unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Barreiros:

O Concello de Barreiros incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
BARREIROS	29	AMPLIACIÓN DE CENTRO SOCIOCULTURAL DE SAN XULIÁN	10.128,43 €	57.558,37 €	67.686,80 €
	31	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN : CTRA DE A BARCELA, CTRA. DE A PEDREIRA, ACCESO ALTO DE GONDÁN, IGLESIA DE SAN XUSTO A CAMPO DA FESTA, ACCESO EN FERRERÍA, CTRA. DE SARXENDEZ, SUIGREXA, DE ROTONDA DE AUTOVÍA A CTRA. DE TRABADA, CTRA DE INSUA E URBANIZACION DE VILADAÍDE	11.412,60 €	180.610,27 €	192.022,87 €

A Alcaldía do Concello de Barreiros, a través de escritos con rexistro de entrada de data 25 de outubro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... teñen proposta de adxudicación pero o prazo para que presenten a documentación remata con posterioridade (...) ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA:
BARREIROS	29	AMPLIACIÓN DE CENTRO SOCIOCULTURAL DE SAN XULIÁN	30-11-2019
	31	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN : CTRA DE A BARCELA, CTRA. DE A PEDREIRA, ACCESO ALTO DE GONDÁN, IGLESIA DE SAN XUSTO A CAMPO DA FESTA, ACCESO EN FERRERÍA, CTRA. DE SARXENDEZ, SUIGREXA, DE ROTONDA DE AUTOVÍA A CTRA. DE TRABADA, CTRA DE INSUA E URBANIZACION DE VILADAÍDE	

Concello de Guitiriz:

O Concello de Guitiriz incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
GUITIRIZ	123	ADQUISICIÓN CAMIÓN CON BASCULANTE E GRÚA	0,00 €	88.572,00 €	88.572,00 €

A Alcaldía do Concello de Guitiriz, a través de escritos con rexistro de entrada de data 31 de outubro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... volume de traballo e retrasos involuntarios no expediente administrativo (...) ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA:
GUITIRIZ	123	ADQUISICIÓN CAMIÓN CON BASCULANTE E GRÚA	30/11/2019

Concello de Muras:

O Concello de Muras incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MURAS	179	ACTUACIÓNS EN ESTRADAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE SEILÁN, CONTINUACIÓN MOURISCÓN-OUROL, ESTRADA DE ABELEDO E ESTRADA DE BARRAL	14.673,10 €	142.725,31 €	157.398,41 €

A Alcaldía do Concello de Muras, a través de escritos con rexistro de entrada de data 24 de outubro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... falta de informes técnicos(...) ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA:
MURAS	179	ACTUACIÓNS EN ESTRADAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE SEILÁN, CONTINUACIÓN MOURISCÓN-OUROL, ESTRADA DE ABELEDO E ESTRADA DE BARRAL	30/11/2019



Concello de Sarria:

O Concello de Sarria incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVERTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
SARRIA	291	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE PISTAS DEPORTIVAS DE O CHANTO, INCLÚIDO HONORARIOS	22.596,47 €	65.487,39 €	88.083,86 €
	292	TERMINACIÓN DA RÚA DIEGO PAZOS DE SARRIA, INCLÚIDO HONORARIOS	124.035,42 €	100.000,00 €	224.035,42 €
	293	DESPREGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLÚIDO HONORARIOS	0,00 €	18.348,44 €	18.348,44 €
	294	SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS PARA O PASEO DO RÍO CELEIRO, DENCE RÚA LÁZARO RÚA SAN EUFRASIO, INCLÚIDO HONORARIOS	968,00 €	29.095,32 €	30.063,32 €
	295	SUBMINISTRO DUNHA DESBROZADORA DE BRAZO PARA TRACTOR	0,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
	296	SUBMINISTRO DUNHA FURGONETA USADA PARA O SERVIZO DE OBRAS	0,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €
	297	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA MATADOIRO MUNICIPAL DE SARRIA	0,00 €	6.000,00 €	6.000,00 €

A Alcaldía do Concello de Sarria, a través de escritos con rexistro de entrada de data 31 de outubro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente, ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVERTIMENTO	PRÓRROGA ADXUDICACIÓN ATA:
SARRIA	291	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE PISTAS DEPORTIVAS DE O CHANTO, INCLÚIDO HONORARIOS	30/03/2020
	292	TERMINACIÓN DA RÚA DIEGO PAZOS DE SARRIA, INCLÚIDO HONORARIOS	31/07/2020
	293	DESPREGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLÚIDO HONORARIOS	31/07/2020
	294	SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS PARA O PASEO DO RÍO CELEIRO, DENCE RÚA LÁZARO RÚA SAN EUFRASIO, INCLÚIDO HONORARIOS	31/07/2020
	295	SUBMINISTRO DUNHA DESBROZADORA DE BRAZO PARA TRACTOR	30/03/2020
	296	SUBMINISTRO DUNHA FURGONETA USADA PARA O SERVIZO DE OBRAS	31/07/2020
	297	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA MATADOIRO MUNICIPAL DE SARRIA	30/03/2020

Así mesmo, o Concello de Sarria ten manifestado a súa vontade de modificar algún dos investimentos inicialmente solicitados, concretamente os nº 292 e 296, e que serán informados e elevados ao Pleno unha vez o Concello achegue a pertinente documentación.

Concello de Trabada:

O concello de Trabada incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TRABADA	308	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS EN LAMELAS, O PIBIDAL, A BARREIRA, LENDECOIRA E TRABADELA	12.064,70 €	26.935,30 €	39.000,00 €
	309	RECONSTRUCCIÓN PONTE DE SAN MARTIÑO	0,00 €	26.090,99 €	26.090,99 €
	310	MELLORA DA ACCESIBILIDADE Á RESIDENCIA DE TRABADA E CONSTRUCCIÓN DUNHA ACERA POLA MARXE ESQUERDA EN RIA DE ABRES	0,00 €	42.477,05 €	42.477,05 €
	311	URBANIZACIÓN DO ACCESO AO CENTRO ETNOGRÁFICO DE TRABADA, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	47.886,47 €	47.886,47 €
	312	SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO: BANCOS	0,99 €	2.999,01 €	3.000,00 €
	313	ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE EN A FÓRNEA PARA AMPLIACIÓN DO EQUIPAMENTO DEPORTIVO	0,00 €	7.870,26 €	7.870,26 €

A Alcaldía do Concello de Trabada, a través de escritos con rexistro de entrada data 23 de outubro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... os prazos da Lei e falta de autorizacións sectoriais (...) ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA:
TRABADA	308	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS EN LAMELAS, O PIBIDAL, A BARREIRA, LENDECOIRA E TRABADELA	30-04-2020
	309	RECONSTRUCCIÓN PONTE DE SAN MARTIÑO	
	310	MELLORA DA ACCESIBILIDADE Á RESIDENCIA DE TRABADA E CONSTRUCCIÓN DUNHA ACERA POLA MARXE ESQUERDA EN RIA DE ABRES	
	311	URBANIZACIÓN DO ACCESO AO CENTRO ETNOGRÁFICO DE TRABADA, INCLUÍDO HONORARIOS	
	312	SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO: BANCOS	
	313	ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE EN A FÓRNEA PARA AMPLIACIÓN DO EQUIPAMENTO DEPORTIVO	

Concello de O Valadouro:

O Concello de O Valadouro incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
VALADOURO (O)	317	ACONDICIONAMENTO PARQUE INFANTIL EN PRAZA CONCEPCIÓN ARENAL, INCLUÍDO HONORARIOS	14.021,00 €	56.487,78 €	70.508,78 €

A Alcaldía do Concello de O Valadouro, a través de escritos con rexistro de entrada data 21 de outubro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que



consta no expediente e que en síntese indica “ ... foi adxudicada pero a formalización da mesma non se vai poder levar a cabo en prazo (...) ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA:
VALADOURO (O)	317	ACONDICIONAMENTO PARQUE INFANTIL EN PRAZA CONCEPCIÓN ARENAL, INCLUÍDO HONORARIOS	30-11-2019

Concello de Xermade:

O Concello de Xermade incluíu ao abeiro do Plan Único 2019, entre outros, o seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
XERMADE	326	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN ROUPAR DE ABAIXO, AVEÁS, A VEIGA, AS FOLGUEIRAS, CASTIÑEIRAS, BIDUEIRO, A FRAGA, A PIGAROA , ZALAROIA, O PEDRÓN, O CODESO, E AS PEDREIRAS	15.325,20 €	100.383,19 €	115.708,39 €
	327	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN REGUENGO, XEMARÉ, VILARIÑO, XERMADE, PENA DA EGUA, FONXÉREZ, PENA DA ARCA, PREANES E ACCESO CAMPO DE FÚTBOL DE MOMÁN	0,00 €	67.169,04 €	67.169,04 €

A Alcaldía do Concello de Xermade, a través de escritos con rexistro de entrada de data 25 de outubro de 2019, solicita unha prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... pendentes obtención de autorizacións sectoriais (...) ” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA:
XERMADE	326	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN ROUPAR DE ABAIXO, AVEÁS, A VEIGA, AS FOLGUEIRAS, CASTIÑEIRAS, BIDUEIRO, A FRAGA, A PIGAROA , ZALAROIA, O PEDRÓN, O CODESO, E AS PEDREIRAS	30-04-2020
	327	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN REGUENGO, XEMARÉ, VILARIÑO, XERMADE, PENA DA EGUA, FONXÉREZ, PENA DA ARCA, PREANES E ACCESO CAMPO DE FÚTBOL DE MOMÁN	

Tendo en conta as solicitudes das Alcaldías dos concellos indicados, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan Único 2019, “... este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión das prórrogas aos Concellos indicados para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, ou no seu caso, daqueles que sexan substituídos/modificados por acordo do órgano competente e incluídos no Plan Único 2019, e ata o prazo indicado.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concello sinalados e, en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación, dos investimentos indicados deseguido, (tendo en conta que o O Concello de Sarria ten manifestado a súa vontade de modificar os investimentos nº 292 e 296), debendo de remitir a Deputación, de forma individual a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración (anexo III ou IV e declaración do lugar de colocación do cartel con coordenadas UTM), nos termos indicados nas bases.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA:
BARREIROS	29	AMPLIACIÓN DE CENTRO SOCIOCULTURAL DE SAN XULIÁN	30-11-2019
	31	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS EN : CTRA DE A BARCELA, CTRA. DE A PEDREIRA, ACCESO ALTO DE GONDÁN, IGLESIA DE SAN XUSTO A CAMPO DA FESTA, ACCESO EN FERRERÍA, CTRA. DE SARXENDEZ, SUIGREXA, DE ROTONDA DE AUTOVÍA A CTRA. DE TRABADA, CTRA DE INSUA E URBANIZACIÓN DE VILADAÍDE	
GUITIRIZ	123	ADQUISICIÓN CAMIÓN CON BASCULANTE E GRÚA	30/11/2019
MURAS	179	ACTUACIÓNS EN ESTRADAS MUNICIPAIS: ESTRADA DE SEILÁN, CONTINUACIÓN MOURISCÓN-OUROL, ESTRADA DE ABELEDO E ESTRADA DE BARRAL	30/11/2019
SARRIA	291	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE PISTAS DEPORTIVAS DE O CHANTO, INCLUÍDO HONORARIOS	30/03/2020
	292	TERMINACIÓN DA RÚA DIEGO PAZOS DE SARRIA, INCLUÍDO HONORARIOS	31/07/2020
	293	DESPEGUE DE FIBRA ESCURA PARA CONEXIÓN DE SEDES MUNICIPAIS, INCLUÍDO HONORARIOS	31/07/2020
	294	SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE LUMINARIAS PARA O PASEO DO RÍO CELEIRO, DENDE RÚA LÁZARO RÚA SAN EUFRASIO, INCLUÍDO HONORARIOS	31/07/2020
	295	SUBMINISTRO DUNHA DESBROZADORA DE BRAZO PARA TRACTOR	30/03/2020
	296	SUBMINISTRO DUNHA FURGONETA USADA PARA O SERVIZO DE OBRAS	31/07/2020
	297	SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA MATADOIRO MUNICIPAL DE SARRIA	30/03/2020
TRABADA	308	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DOS ACCESOS EN LAMELAS, O PIBIDAL, A BARREIRA, LENDECOIRA E TRABADELA	30-04-2020
	309	RECONSTRUCCIÓN PONTE DE SAN MARTIÑO	
	310	MELLORA DA ACCESIBILIDADE Á RESIDENCIA DE TRABADA E CONSTRUCCIÓN DUNHA ACERA POLA MARXE ESQUERDA EN RIA DE ABRES	
	311	URBANIZACIÓN DO ACCESO AO CENTRO ETNOGRÁFICO DE TRABADA, INCLUÍDO HONORARIOS	
	312	SUBMINISTRO DE MOBILIARIO URBANO: BANCOS	
	313	ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE EN A FÓRNEA PARA AMPLIACIÓN DO EQUIPAMENTO DEPORTIVO	
VALADOURO (O)	317	ACONDICIONAMENTO PARQUE INFANTIL EN PRAZA CONCEPCIÓN ARENAL, INCLUÍDO HONORARIOS	30-11-2019
XERMADE	326	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN ROUPAR DE ABAIXO, AVEÁS, A VEIGA, AS FOLGUEIRAS, CASTIÑEIRAS, BIDUEIRO, A FRAGA, A PIGAROA, ZALARIOA, O PEDRÓN, O CODESO, E AS PEDREIRAS	30-04-2020
	327	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN REGUENGO, XEMARÉ, VILARIÑO, XERMADE, PENA DA EGUA, FONXÉREZ, PENA DA ARCA, PREANES E ACCESO CAMPO DE FÚTBOL DE MOMÁN	



2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NA EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación de data 6 de novembro de 2019, no que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Prego de prescricións técnicas.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Informe xurídico-administrativo.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Acordo da Xunta de Goberno, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e no Diario Oficial da Unión Europea.

Actas da Mesa de Contratación, reunida en acto público con datas 15 de abril, 7 de xuño, 10 de xullo, 19 de xullo, 19 de agosto e 4 de outubro de 2019.

Resolución de Presidencia de data 17 de outubro de 2019, notificada o 21 de outubro, pola que se procedeu a requirir á empresa INCOPE CONSULTORES, S.L. a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP.

A empresa, INCOPE CONSULTORES, S.L., atendeu en tempo e forma o requirimento de documentación administrativa, o día 4 de novembro de 2019, completando a mesma o día seguinte, 5 de novembro de 2019.

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 , sobre contratación pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (LPAC).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Restante normativa de xeral e concordante aplicación.

Consideracións xurídicas.

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación por lotes do servizo de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos da Deputación de Lugo:

Lote 1. Coordinación de seguridade e saúde na execución das obras e servizos a excepción dos servizos de vías e obras e parque móbil.

Lote 2. Coordinación de seguridade e saúde na execución das obras e servizos baixo a dirección facultativa do servizo de vías e obras.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4.

Ao contrato élle de aplicación o LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP, ao conformar o seu obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Os pregos de condicións, elaborados para disciplinar a licitación e o contrato, recollen as esixencias legais sinaladas e adáptanse á normativa aplicable. Recollen, con carácter xeral, os

aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato licitouse mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP. Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención á forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios de adxudicación reflíctanse, debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Enviouse á publicación ao Diario Oficial da Unión Europea con data 11 de marzo de 2019 e publicouse, o día 14 de marzo de 2019, o Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) e no Diario Oficial da Unión Europea, con finalización do prazo de presentación de ofertas o 10 de abril de 2019.

Na sesión da mesa de contratación celebrada o 15 de abril de 2019 acordouse adiar a tramitación deste procedemento en tanto non se resolvera polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (TACGAL) o recurso especial en materia de contratación número 84/2019, interposto pola Asociación Gallega de Empresas de Ingeniería, Consultoría y Servicios Tecnológicos (AGEINCO) contra os pregos de contratación que rexen o presente procedemento.



Na sesión da mesa de contratación celebrada o día 7 de xuño de 2019 deuse conta da resolución do TACGAL nº 91/2019, de 29 de abril de 2019 que anula a cláusula 15 do prego de prescricións técnicas do lote 1. A Mesa acordou cumprir dita Resolución e elevar ao órgano de contratación a resolución relativa a este lote 1, a efectos do seu cumprimento.

En relación ao lote 2, procedeuse a apertura dos sobres A e sobres B presentados polas licitadoras a este procedemento (coordinación de seguridade e saúde na execución das obras e servizos baixo a dirección facultativa do servizo de vías e obras).

Deuse conta que os licitadores que se presentaron dentro de prazo ao lote 2 foron os seguintes:

Atenea, S.A.U.
Incope Consultores, S.L.
Ingeniería y Prevención de riesgos, S.L.
NORMANSYS, S.L.
NOVOTEC CONSULTORES, S.A.
NorPrevención S.L
Segurinco, S.L.
TEPRIL, S.L.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa respectiva proposta, procedeuse pola Mesa á apertura e exame do sobre electrónico “A”, documentación administrativa, resultando que a empresa NOVOTEC CONSULTORES S.A. non presentara nin a declaración responsable do Anexo I do PCAP nin o DEUC, polo que a Mesa acordou excluír á empresa NOVOTEC CONSULTORES S.A. do procedemento. O resto de empresas presentaron as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas. A mesa de contratación acordou admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Abriuse o sobre “B” (criterios cuantificables mediante xuízo de valor) das propostas admitidas, resultando que todas as empresas presentaron as memorias esixidas na cláusula 12 do

PCAP. A Mesa acordou enviar as memorias ao Servizo de Vías e Obras para a súa comprobación e valoración segundo os criterios de adxudicación previstos na cláusula 12 do PCAP.

Na sesión da mesa de contratación celebrada o día 10 de xullo de 2019, deuse conta da alegación presentada pola licitadora NOVOTEC CONSULTORES S.A. con data de 28 de xuño de 2019 que en síntese di: “Donde dicha documentación se presentó de manera telemática, solicitamos se autorice a NOVOTEC CONSULTORES, S.A., la subsanación de parte de la documentación administrativa presentada únicamente en el lote 1 y aplicable también al lote 2, haciendo constar que la documentación del lote 1 no será verificada como consecuencia de la anulación realizada al lote 1 por resolución TACGAL previa a la apertura del lote 2”.

Emitiuse informe polo Servizo de Contratación e Fomento no que propónse que pola Mesa de Contratación:

“Se comprobe “*in situ*” na Plataforma de Contratación do Sector Público, a través do Código seguro de verificación, a presentación no apartado reservado ao lote 1 dos documentos denominados “Sobre A lotes 1 y 2 anexo I. pdf” e “Sobre A lotes 1 y 2 DEUC.pdf”, aínda que non procederá a súa apertura en virtude da Resolución nº 91/2019, de 29 de abril de 2019, do TACGAL.

Se requira á licitadora que subsane o erro na presentación dos documentos do sobre A do lote 2 deste procedemento de contratación, no prazo de tres días hábiles. Unha vez transcorrido dito prazo, reunirase a Mesa para a apertura de ditos documentos e apertura do sobre B (oferta técnica).”

A Mesa acordou requirir á licitadora NOVOTEC CONSULTORES S.A. para que, no prazo de tres días hábiles, subsanara o erro na presentación dos documentos do sobre “A” do lote 2 do presente procedemento de contratación, aportando os documentos que foran presentados no espazo reservado ao lote 1 coas denominacións “Sobre A lotes 1 y 2 anexo I. pdf” e “Sobre A lotes 1 y 2 DEUC.pdf”.



Na sesión da mesa de contratación celebrada o día 19 de xullo de 2019, deuse conta da subsanación presentada pola licitadora NOVOTEC CONSULTORES S.A. con data de 15 de xullo de 2019, coa aportación da declaración responsable/anexo I (sobre A). A Mesa acordou aceptar a documentación e admitir a proposta o proceso de adxudicación. Abriuse o sobre B (criterios cuantificables mediante xuízo de valor) desta proposta admitida e a Mesa acordou enviar a memoria ao Servizo de Vías e Obras para a súa comprobación e valoración segundo os criterios de adxudicación previstos na cláusula 12 do PCAP.

Na sesión da mesa de contratación celebrada o día 19 de agosto de 2019, deuse conta do informe de data 13 de agosto de 2019, asinado pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas e o Xefe de Sección de Vías e Obras, relativo ás ofertas técnicas referidas ao lote 2 (obras e servizos baixo a dirección do Servizo de Vías e Obras) do presente procedemento de contratación que, no apartado 4.3. recolle a valoración total, sendo a seguinte:

De las valoraciones obtenidas del criterio nº1: Metodología a emplear en el desarrollo de los trabajos y aseguramiento de su calidad técnica, puntuable hasta veinticinco puntos) y del criterio nº2: Dedicación de medios personales y materiales a la ejecución de las prestaciones del contrato, puntuable hasta quince puntos, se obtiene la siguiente valoración total:

LICITADORES	PUNTUACIÓN CRITERIO Nº1	PUNTUACIÓN CRITERIO Nº2	PUNTUACIÓN TOTAL
ATENEA, S.A.U.	17,00	6.86	23.86
INCOPE CONSULTORES, S.L.	20,00	4.31	24.31
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	11,00	3.00	14.00
NORMANSYS, S.L.	21,00	3.90	24.90
NORPREVENCIÓN, S.L.	15,00	14.00	29.00
SEGURINCO, S.L.	23,00	8.44	31.44
TEPRIL, S.L.	14,00	4.08	18.08
NOVOTEC CONSULTORES S.A.	8,00	4.23	12.23

O informe foi asumido polos integrantes da mesa de contratación, sen que se efectuase observación algunha por parte dos asistentes.

Procedeuse á apertura do sobre “C” (criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos). Comprobouse a correcta presentación do Anexo IV, relativo ao criterio nº 3, fomento da contratación indefinida, resultando que as licitadoras INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. y NORPREVENCIÓN, S.L. non acreditaran a contratación indefinida na maneira

establecida no PCAP, xa que a declaración responsable está asinada polo representante da empresa pero non está conformada pola representación dos traballadores na empresa nin, no caso de non ter representante dos traballadores, por dous traballadores. A Mesa acorda que se conceda ás empresas o prazo de tres hábiles para subsanar esta deficiencia. No caso de que non presenten a declaración do Anexo IV correctamente nese prazo a puntuación será cero nese apartado.

As ofertas presentadas considéranse en presunción de desproporcionadas ou anormalmente baixas, regulada no artigo 149 da LCSP, se están por riba da seguinte porcentaxe: 37,39%. Detectouse que a oferta económica da licitadora ATENEA, SAU é anormalmente baixa ou desproporcionada, polo que a Mesa acordou conceder trámite de audiencia ao licitador a fin de que xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, no prazo de dez días hábiles. Esta xustificación trasladouse ao Servizo de Vías e Obras para a súa validación, no seu caso.

Na sesión da mesa de contratación celebrada o día 4 de outubro de 2019, deuse conta do trámite de subsanación do Anexo IV, relativo ao criterio nº 3, fomento da contratación indefinida.

A empresa NORPREVENCIÓN S.L. presentou o Anexo IV asinado pola representación dos traballadores na empresa, na condición de delegada sindical. Polo Servizo de Contratación e Fomento, detectouse que no Anexo III declararan unha porcentaxe de 88,3604%, como consta na acta da mesa de contratación 19-08-19. Sen embargo, dos datos declarados no Anexo IV (438/496 traballadores) extraese o resultado de 88,31%. Razóns de seguridade xurídica, por ser a declaración que debulla os datos concretos e ademais estar asinada pola delegada sindical, aconsellan ter en conta este último dato de 88,31%.

A empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L. presentou o Anexo IV asinado por dúas traballadoras. Sen embargo, a declaración non respecta o modelo do Anexo IV, que se refire en concreto ao Convenio nacional de servizos de prevención alleos, xa que engade nun asterisco unha declaración de que a empresa está adherida ao Convenio de oficinas e despachos de Pontevedra. A cláusula 12.3 do PCAP dispón: Valorarase coa máxima puntuación a empresa que teña, no momento de presentar a oferta, maior porcentaxe de traballadores/as con contrato indefinido sobre o total de traballadores/as contratados, no ámbito funcional do sector definido no artigo 2 do Convenio colectivo nacional de servizos de prevención alleos, publicado no



BOE de 7 de outubro de 2017. O resto valoráranse proporcionalmente a esta. Polo tanto, non se valora a oferta presentada por INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L., correspondente ao criterio número tres, fomento da contratación indefinida.

Por outra parte, o Servizo de Contratación detectou que a empresa TEPRIL, S.L. declara no Anexo IV, en nota aclaratoria, que o número de traballadores contratados é no ámbito funcional do sector do convenio colectivo nacional de empresas de enxeñería e oficinas técnicas. Polo que, en coherencia co recollido no parágrafo anterior, non se valora a oferta presentada por TEPRIL, S.L., correspondente ao criterio número tres, fomento da contratación indefinida.

En definitiva, as ofertas correspondentes aos criterios avaliados automaticamente son:

LICITADORES	CRITERIO Nº 3: % DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA	CRITERIO Nº 4: % DE BAIXA OFERTADA
ATENEA,SAU	65,12	40,5
INCOPE, CONSULTORES,SL	60	35
INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS,SL	-	13
NORMANSYS,SL	60	28
NORPREVENCIÓN,SL	88,31	27,56
SEGURINCO,SL	87,5	24,5
TEPRIL,SL	-	27,01
NOVOTEC CONSULTORES,SA	57	6,83

A empresa ATENEA, SAU, presentou xustificación da oferta económica incurso en presunción de anormalidade, que foi trasladada ao Servizo de Vías e Obras, que informou, en conclusión, que non se considera suficientemente xustificada a oferta anormalmente baixa, con base no seguinte:

(...) A empresa licitadora no apartado A. Salarios do persoal, xustifica o aforro cunha dedicación de medios persoais de:

- 1 Supervisor de Coordinadores (5%)
- 3 Coordinadores en materia de seguridade e saúde (50%)
- 3 Coordinadores en materia de seguridade e saúde adicionais (10%)

Deducíndose:

	Adicación
Supervisor de Coordinadores	0,05
Coordinador/a de Seguridade e Saúde (I)	0,50
Coordinador/a de Seguridade e Saúde (II)	0,50
Coordinador/a de Seguridade e Saúde (III)	0,50
Coordinador/a de Seguridade e Saúde adicional (1)	0,10
Coordinador/a de Seguridade e Saúde adicional (2)	0,10
Coordinador/a de Seguridade e Saúde adicional (3)	0,10
Adicación total	1,85
Horas ano por convenio	1.710,00
Número de horas totais adicadas ao contrato	3.163,50

Ascendendo o número de horas totais adicadas ao contrato a 3163,50 horas, inferior ás horas que establece o contrato de servizos, polo que non queda xustificado o aforro que permiten os servizos prestados.

Ademáis a empresa licitadora no apartado B. Custos relativos a instalacións e equipos e no apartado C. Custos relativos á utilización de medios de transporte, non achega documentación que acredite estes custos.

Foi excluída a licitadora ATENEA, SAU da licitación e realizouse a valoración dos criterios automáticos co seguinte resultado:

LICITADORES	CRITERIO 1	CRITERIO 2	CRITERIO 3 CONTR. INDEFINIDA	CRITERIO 4 OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
INCOPE, CONSULTORES,SL	20,00	4,31	10,19	45,00	79,50
INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS,SL	11,00	3,00	-	16,71	30,71
NORMANSYS,SL	21,00	3,90	10,19	36,00	71,09
NORPREVENCIÓN,SL	15,00	14,00	15,00	35,43	79,43
SEGURINCO,SL	23,00	8,44	14,86	31,50	77,80
TEPRIL,SL	14,00	4,08	-	34,73	52,81
NOVOTEC CONSULTORES,SA	8,00	4,23	9,68	8,78	30,69



Por resolución da Presidencia de data 17 de outubro de 2019, acordouse:

Asumir como propio o informe realizado polo Servizo de Vías e Obras sobre a xustificación da oferta económica para o lote 2 da licitadora ATENEA SAU e, polo tanto, excluíla do procedemento de licitación.

Outorgar aos licitadores concorrentes ao lote 2 desta licitación as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	INCOPE, CONSULTORES,SL	79,50
2	NORPREVENCIÓN,SL	79,43
3	SEGURINCO,SL	77,80
4	NORMANSYS,SL	71,09
5	TEPRIL,SL	52,81
6	INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, SL	30,71
7	NOVOTEC CONSULTORES,SA	30,69

Requirir á empresa INCOPE, CONSULTORES,SL, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Executar a Resolución do TACGAL nº 91/2019, de 29 de abril de 2019 na que se estima parcialmente o recurso interposto pola Asociación Gallega de Empresas de Ingeniería, Consultoría e Servizos Tecnolóxicos e se anula a cláusula 15 do PPT do lote 1 (obras e servizo a excepción do servizo de vías e obras e parque móbil), e polo tanto, anular esta licitación relativa ao lote 1 e iniciar unha nova licitación deste lote.

O día 21 de outubro de 2019, notificouse o requirimento á empresa INCOPE CONSULTORES S.L. da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e a cláusula décimo sétima do PCAP. A empresa presentou o 4 de outubro de 2019 a documentación solicitada, completando a mesma o 5 de novembro de 2019, en tempo e forma, dentro do prazo outorgado ao efecto.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa INCOPE CONSULTORES S.L, a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos da Deputación de Lugo. Lote 2Coordinación de seguridade e saúde na execución das obras e servizos baixo a dirección facultativa do servizo de vías e obras.

2º.- A empresa adxudicataria comprométese a prestar, á Deputación de Lugo, o servizo de coordinación de seguridade e saúde na execución de obras e servizos da Deputación de Lugo, por un prazo de un ano e ata un importe máximo de 118.829,47 aos que se engadirán 24.954,19 en concepto de IVE, o que ascende a un total de 143.783,66 euros, importe que se poderá incrementar nun 20% atendendo ás necesidades da administración contratante. Aplicaranse en todo caso os prezos unitarios recollidos no Anexo Presupuesto do PPT do Lote 2, coa baixa ofertada pola adxudicataria, 35%.

Tendo en conta a data prevista de inicio do servizo, o 1 de decembro de 2019, a distribución por anualidades é a seguinte:

APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE IVE INCLÚÍDO
4500.22706	2019	11.981,97 euros
4500.22706	2020	131.801,69 euros
	TOTAL	143.783,66 euros



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade de 131.801,69 €, na aplicación indicada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

3º.-Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

O cumprimento do deber de adscribir os medios materiais e persoais mínimos á execución do obxecto do contrato, recollidos na cláusula 7.2 do PCAP e na cláusula 11 do PPT ou aqueles superiores que superen os mínimos contractuais, resultantes da oferta adxudicataria.

A vixencia da póliza de Responsabilidade Civil que se esixe no Prego de Prescricións Técnicas de cada un dos lotes, isto é:

Lote 2: O adxudicatario subscribirá unha póliza de responsabilidade civil para cada un dos coordinadores, de cada unha das obras ou servizos obxecto deste contrato por valor mínimo de 600.000,00 euros por asegurado e sinistro, sen ningún tipo de franquía, que asegurará as responsabilidades en que podan incurrir e que se incorporará ao expediente para a súa constancia.

A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal adscrito á execución do contrato. A estes efectos, terá a obriga de acreditar cada tres meses vencidos, isto é, ao longo do mes catro, a contar desde a data de inicio de prestación do servizo (ou subsidiariamente desde a data de sinatura do contrato), e así sucesivamente con esta cadencia temporal, que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar os documentos boletín de cotización/relación nominal de traballadores dos meses vencidos, xunto con declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas

obrigas. A administración, resérvase a facultade de solicitar as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. En todo caso a documentación precedente presentárase coa última factura que se entregue con ocasión da finalización do contrato.

A comprobación do exposto no apartado precedente corresponde ao Responsable do contrato, asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.

O incumprimento das condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais no apartado precedente, constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no art. 211.1 letra f da LCSP.

4º.- O contrato terá unha duración máxima de vixencia de un ano, prorrogable por outro, contado dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153.3 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DA SUBVENCIÓN DIRECTA EXCEPCIONAL OUTORGADA POR ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L., PARA SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “PROXECTO CARONTE”, NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 07 de novembro de 2019, no que literalmente se establece:

“Asunto: renuncia á subvención directa excepcional outorgada á PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L., para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, polo importe de 25.000,00€.

En relación ao asunto de referencia, procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes:

D. Daniel Díaz Rodríguez, en nome e representación da entidade PRODUCCIONES 60 RAFAGAS,S.L, presentou escrito, o 14 de setembro de 2019 dirixido ao Servizo de Contratación e Fomento no que solicita a renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade PRODUCCIONES 60 RAFAGAS,S.L., para sufragar os gastos derivados da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, polo importe de 25.000,00€.

A Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, en sesión extraordinaria celebrada o día 31 de decembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 25.000,00€ a favor da entidade PRODUCCIONES 60 RAFAGAS,S.L., para sufragar os gastos derivados da actuación “Proxecto Caronte”, subvención incluída na Liña 5.2 – Cultura, pertencente á área funcional de Turismo e Cultura do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

Aprobar o gasto de 25.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3340.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2018, a favor de PRODUCCIONES 60 RAFAGAS,S.L., para sufragar gastos derivados do nomeado “Proxecto Caronte”.

Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade PRODUCCIONES 60 RAFAGAS,S.L., para sufragar os gastos derivados da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018 formalizouse o 20 de febreiro de 2019.

Consideracións xurídico-administrativas:

No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 do outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recollese literalmente que: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establece o seguinte:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

No artigo 6, concretamente no apartado 2, do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 por el que se publica el Código Civil regúlase que: “2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia



aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando no contraríen ao interese ou ao orde público nin prexudiquen a terceiros”.

Por todo o exposto, no caso que nos ocupa, a entidade PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L. pode renunciar á subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 31 de decembro de 2018, para a execución da actuación “Proxecto Caronte” para o ano 2018, polo importe de 25.000,00€, dado que a renuncia tivo entrada no rexistro xeral da Entidade e coa mesma non se prexudica nin ao interese publico nin a terceiros.

O órgano competente para aceptar a renuncia á subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade PRODUCCIONES 60 RAFAGAS,S.L., para sufragar os gastos derivados da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, é a Xunta de Goberno por ser este o órgano que no seu momento aprobou o gasto, a concesión da subvención e a aprobación do convenio no que se instrumentou.

Por tales motivos, procede informar favorablemente o seguinte:

Aceptar a renuncia á subvención directa excepcional outorgada á PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L., para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, polo importe de 25.000,00€.

Declarar concluso o procedemento da subvención directa excepcional outorgada á PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L., para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, polo importe de 25.000,00€.

Notificar o acordo de aceptación da renuncia á subvención directa excepcional outorgada á PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L., para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, polo importe de 25.000,00€, ao interesado”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á subvención directa excepcional outorgada á PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L., para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, polo importe de 25.000,00€.

2º.- Declarar concluído o procedemento da subvención directa excepcional outorgada á PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L., para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, polo importe de 25.000,00€.

3º.- Notificar o acordo de aceptación da renuncia á subvención directa excepcional outorgada á PRODUCCIONES 60 RÁFAGAS, S.L., para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto Caronte”, na anualidade 2018, polo importe de 25.000,00€, ao interesado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBAGR-2018/065 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”.

Visto informe do Xefe do Servizo de Cooperación e Proxectos en relación co epígrafe do presente asunto, manifestando que se produciu un erro na redacción do mesmo, corríxese dito erro quedando o epígrafe do seguinte xeito:**PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBAGR-2018/049 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”.**



Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2018/049, correspondente á Dona Ana María Lombardía Méndez (Becerreá), destinada á “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros”, concedéndolle unha subvención por importe de 4.830,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Dona Ana María Lombardía Méndez (Becerreá), presenta escrito con data de rexistro de entrada 29 de outubro de 2019, solicitando a renuncia a subvención SUBAGR-2018/049.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder a petición formulada por Dona Ana María Lombardía Méndez, e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018, para a Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros, por importe de 4.830,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/070.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/070, correspondente á sociedade civil A Lagoa de Serabel, S.C. (Xermade), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 13,00 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 6.500,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil A Lagoa de Serabel, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 10,8160 Has, o que supón un 83,20% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil A Lagoa de Serabel, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/070, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 5.408,00 €, así como ó aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, E PUBLICACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS



E DAS ARTESÁS PARTICIPANTES NA MOSTRA DE ARTESANÍA “MERCADO DE NADAL 2019”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Visto o informe do Coordinador Xefe de Administración e Xestión Cultural do Centro de Artesanía e deseño, o cal di:

“De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción). ..).

(Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte...).

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das bases que teñen como obxecto regular as normas e condicións de participación dos e das artesás na mostra “MERCADO DE NADAL 2019” organizada pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo ..)

Polo cal, propoñoa Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos e das artesás na mostra MERCADO NADAL 2019 organizada pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

2º.- Aprobar o gasto estimado de 43000 € para a celebración da mostra MERCADO NADAL 2019

3º.- Aprobar o prezo público para participar na mostra MERCADO NADAL 2019 de 50 € por posto.

4º.- Ordenar a publicación das bases e os seus modelo de solicitude no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- CORRECCIÓN DE ERRO NO INFORME, PROPOSTA E ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 15/05/2019 EN RELACIÓN COS IMPORTES DAS ANUALIDADES PARA FINANCIAR A OBRA DE LUGO.- DESDOBRAMENTO E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA INFANTA ELENA, DUQUESA DE LUGO, TRAMO GLORIETA RONDA NORTE-GLORIETA 25 DE NOVIEMBRE”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento relativo a corrección do erro producido na Proposta e Decreto relativo ás anualidades para financiar a obra indicada, no que entre outros contén o seguinte:

“Polo Servizo de Contratación emitiuse informe relativo á adxudicación da obra LUGO.- Desdobramento e Humanización da Avenida Infanta Elena, Duquesa de Lugo, Tramo Glorieta



Ronda Norte- Glorieta 25 De Novembro, que serviu de base para a Proposta de acordo e posterior acordo da Xunta de Goberno, de data 15/5/2019, no que se indicaba:

“(…)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade indicada nas aplicacións que se indican, tendo en conta que a baixa resultante na adxudicación da obra, imputarase na anualidade de 2020:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		CONCELLO DE LUGO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	IMPORTE	
2018	150.65009	150.000,00€	50.000,00€	200.000,00€
2019		378.803,57€	--	378.803,57€
2020		451.973,24€	--	451.973,24€
TOTAL		980.776,81€	50.000,00€	1.030.776,81€

Revisado o expediente, a instancias da Intervención, que achegou escrito de data 04/11/2019, obsérvase erro nos importes que figuran na tabla, en relación co indicado no texto, no relativo á aplicación da baixa resultante da adxudicación.

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: “los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son

aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, almargen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa".

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostuvo que “Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina “errores obstativos”, que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc.

Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (*in re, in persona, in causa*) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado”.

Argumentos todos eles, coherentes coa corrección que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno, nos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao transcribir os importes de cada anualidade.

A vista do anterior, Informase favorablemente a corrección do erro na financiación por anualidades do investimento indicado, do xeito que:



Onde di:

“(…)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade indicada nas aplicacións que se indican, tendo en conta que a baixa resultante na adxudicación da obra, imputarase na anualidade de 2020:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		CONCELLO DE LUGO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	IMPORTE	
2018	150.65009	150.000,00€	50.000,00€	200.000,00€
2019		378.803,57€	--	378.803,57€
2020		451.973,24€	--	451.973,24€
TOTAL		980.776,81€	50.000,00€	1.030.776,81€

Debe dicir:

“(…)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade indicada nas aplicacións que se indican, tendo en conta que a baixa resultante na adxudicación da obra, imputarase na anualidade de 2020:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		CONCELLO DE LUGO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	IMPORTE	
2018	150.65009	150.000,00€	50.000,00€	200.000,00€
2019		600.000,00€	--	600.000,00€
2020		230.776,81€	--	230.776,81€
TOTAL		980.776,81€	50.000,00€	1.030.776,81 €

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección de erro referenciada, de tal xeito que:

Onde di:

“(…)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade indicada nas aplicacións que se indican, tendo en conta que a baixa resultante na adxudicación da obra, imputarase na anualidade de 2020:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		CONCELLO DE LUGO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	IMPORTE	
2018	150.65009	150.000,00€	50.000,00€	200.000,00€
2019		378.803,57€	--	378.803,57€
2020		451.973,24€	--	451.973,24€
TOTAL		980.776,81€	50.000,00€	1.030.776,81€

Debe dicir:

“(…)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade de 2020 a cantidade indicada nas aplicacións que se indican, tendo en conta que a baixa resultante na adxudicación da obra, imputarase na anualidade de 2020:

ANUALIDADE	DEPUTACIÓN		CONCELLO DE LUGO	TOTAL
	APLICACIÓN	IMPORTE	IMPORTE	
2018	150.65009	150.000,00€	50.000,00€	200.000,00€
2019		600.000,00€	--	600.000,00€
2020		230.776,81€	--	230.776,81€
TOTAL		980.776,81€	50.000,00€	1.030.776,81 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



9.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ASUNTO NÚMERO 7 DO ORDE DO DÍA DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27 DE SETEMBRO 2019.

Logo de ver a proposta na que se manifesta que se produciu un erro material na redacción do epígrafe do punto sete na Orde do Día da Xunta de Goberno do día vinte e sete de setembro de dous mil dezanove, que di: “Proposta relativa á modificación de titular da parcela adxudicada no acordo aprobado pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29 de xuño de 2019 no procedemento de adquisición dun terreo para a construción dun centro de atención a maiores no concello de A Pontenova”.

Logo de ver o artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda, rectificar o erro producido no epígrafe tanto no Orde do Día como posteriormente na redacción da Acta do seguinte xeito: PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DE TITULAR DA PARCELA ADXUDICADA NO ACORDO APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN CELEBRADA O 29 DE XUÑO DE 2018 NO PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DUN TERREO PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES NO CONCELLO DE A PONTENOVA”.

10.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA DUN FUNCIONARIO PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Visto que D. Xavier Rodríguez Barrio, Administrativo Tradutor do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, cumpre 65 anos o día 22 de novembro de 2019.

Tendo en conta que D. Xavier Rodríguez Barrio terá recoñecidos 25 anos, 2 meses e 16 días o día 22 de novembro de 2019, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un

período de cotización á Seguridade Social superior aos 36 anos e 9 meses e que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida(...).”

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.(...)

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.



A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a), así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2019	36 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 36 anos e 9 meses	65 anos e 8 meses

[...].”.

Á vista do sinalado e tendo presente que D. Xavier Rodríguez Barrio terá acreditado, á data do 22 de novembro de 2019, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 36 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Polo anteriormente exposto, vistos os informes dos Servizos, propónse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario provincial, D. Xavier Rodríguez Barrio, con efectividade do día 22 de novembro de 2019 , derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- Dáse conta da Sentenza nº 257/2019 de 30 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 153/2019, seguido a instancia de ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS fronte á desestimación

presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data de 14 de febreiro de 2018 polos danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-2101 P.K. 9,8 debido á irrupción dun xabaril na estrada, en cuxo fallo estima o recurso interposto.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes dar cumprimento á citada sentenza; e vista a proposta da asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Lugo da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia do seguro que ten contratado esta Deputación.

Segundo.- Dáse conta da Sentenza nº 258/2019 de 30 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 200/2019, seguido a instancia de MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A. fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data de 2 de outubro de 2018 polos danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-1611 de N-640 a N-640 P.K. 91,8 debido á irrupción dun xabaril na estrada, en cuxo fallo estima o recurso interposto.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes dar cumprimento á citada sentenza; e vista a proposta da asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Lugo da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia do seguro que ten contratado esta Deputación.

Terceiro.- Dáse conta da Sentenza nº 270/2019 de 11 de outubro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 7/2018-A, seguido a instancia de D. Marcelino CidCid fronte á desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data de 2 de outubro de 2018 polos danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-1611 debido á irrupción dun corzo na estrada, en cuxo fallo estima o recurso interposto.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes dar cumprimento á citada sentenza; e vista a proposta da asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na



conta do Xulgado Contencioso Administrativo nº2 de Lugo da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia do seguro que ten contratado esta Deputación.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar,o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.